

DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO DOS CONCELLOS

Galicia xa non é un país do século XIX. Nin sequera do XX.

Desde a entrada de España na Unión Europea naquel comezo do ano 1986, o Estado tivo que aprender a convivir coa cesión de soberanía e todas as administracións, sen excepcións, a facelo coa cesión de competencias.

- 5 Como consecuencia, ningunha administración pode pretender vivir nun século que non sexa o XXI, tampouco as administracións autonómica e local. Poderíamos dicir que esta última especialmente, pois nos últimos tempos aínda se reforzou máis a súa calidade como primeira liña de actuación e defensa.

- 10 Nesta liña, é indiscutible que os concellos galegos poñen ás persoas, á veciñanza no centro do seu labor diario, sen filtros e sen distancia. Non hai máis que mirar cara o mes de marzo de 2020, cando os nosos concellos estiveron abertos as 24 horas da primeira fase da pandemia, sendo así os primeiros en xestionar situacións descoñecidas ata ese momento ante as que os ritmos das outras administracións foron, digamos, moi distintos, dunha lentitude que podía resultar
15 mortal.

- 20 A realidade é que os concellos levaban décadas asumindo a xestión e o desenvolvemento de medidas propias en competencias propias, mais tamén, a maiores, todas as que ditaban as outras administracións, estatal e autonómica. Polo tanto, para calquera decisión sobre a adopción de ditas medidas, a lóxica di que deban ser consultados e recibir o financiamento suficiente. E para iso é preciso mellorar a coordinación entre todas as administracións implicadas, de cara

a non perder eficiencia nin eficacia. Sobre o acordo xenérico de ter coma obxectivo a necesidade de reforzar a capacidade prestacional de todo o sector público mediante a creación de contornas colaborativas que garantan o uso dos recursos públicos dispoñibles, nunhas condicións de equidade e corresponsabilidade do gasto.

Camiñamos xa cara o primeiro cuarto do século XXI. E estamos obrigados a avanzar de forma intelixente, facendo o esforzo de realizar unha boa radiografía inicial que nos permita adoptar medidas que sexan viables e efectivas, que sirvan de investimento futuro. Moito máis coa cantidade de fondos europeos que nos agardan.

As medidas que se tomen tamén deben ser proporcionadas e adaptadas ás circunstancias particulares de cada área. E no caso concreto de Galicia, onde existen máis de 30.000 entidades singulares de poboación (o que supón de media que cada concello teña 100 entidades distintas e diferenciadas), non se poden adoptar as mesmas que nos territorios onde só traballan cunha ou dúas.

Se de algo valeu a pandemia foi para certificar que cómpre acelerar a maquinaria con normas que contemplan os novos escenarios e dean amparo normativo aos concellos nas súas actuacións.

É preciso poñer ao día a nosa administración local. É hora de ter unha administración local galega aberta á cidadanía, íntegra, ética, eficiente e moderna. Este reto é imposible acadalo cunha Lei da Administración Local de Galicia que ten máis de 26 anos. Precisa unha reforma profunda para mellorar a definición do papel das entidades locais, concellos e deputacións provinciais, clarificando as competencias de cada unha. Sen esquecer a tamén máis que necesaria Lei de

Financiamento de Servizos Locais, un novo marco de financiamento que permita desenvolver con garantías orzamentarias todas as competencias.

Por outra banda, vivimos unha transformación dixital na sociedade que abrangue de xeito transversal toda a nosa vida. O xeito de relacionármonos, entre nós e co resto das administracións, o mundo laboral e as nosas capacitacións, o ciclo de vida das empresas, a mobilidade, as comunicacións, en definitiva, unha especie de revolución que pode deixar no camiño a moitos sectores da nosa sociedade, tanto laboralmente como no seu día a día. Corresponde ás administracións, e nomeadamente á máis próxima á veciñanza, colaborar en evitar esa fenda dixital poñendo os medios precisos, ao tempo que elas mesmas deben adaptarse a este novo modelo dixital, na súa organización e comunicación interadministrativa e con empresas e persoas en xeral.

Neste desenvolvemento estratéxico da administración local, a Fegamp non pode ser considerada só unha mera asociación de pequenos e medianos concellos, ten que ser a interlocutora natural. E as Deputacións e grandes cidades, a pesares de teren problemáticas específicas, teñen que acadar un espazo de encontro no seo da Federación que permita unha maior interacción no conxunto de actuacións do municipalismo galego.

Resultan imprescindibles fórmulas de xestión para mellorar a prestación de servizos no eido local, analizando posibles alternativas en diferentes campos: servizo de asistencia e cooperación económica local das deputacións cos concellos, regulación das fórmulas de xestión integrada de servizos municipais, os novos fondos europeos e/ou incidencia nas novas formas de xestión e rendemento.

70 Neste senso, sería convinte abrir liñas cara a creación de servizos intermunicipais de carácter integrado, outorgando unha ampla marxe de liberdade para a configuración destes servizos, incluíndo o uso das técnicas de encomenda de xestión, delegación de competencias, participación en consorcios e en todo tipo de entes públicos ou privados de carácter plural e participación en agrupacións de

75 municipios, sen esquecer que todas estas fórmulas de xestión integrada para o desenvolvemento dos concellos deberán incluír sempre unha calificada participación dos mesmos na toma das decisións fundamentais dos servizos que están a prestar.

Pero tamén hai outros eidos onde as entidades locais debemos adoptar medidas

80 que permitan dotar á nosa veciñanza dun elenco de servizos de calidade, adaptando a súa xestión ás novas realidades que nos estamos atopando.

Un exemplo é a xestión da auga e todo o que se deriva da mesma. Dende o ano 2010, por resolución de Nacións Unidas, a auga é un dereito humano, non só unha mera declaración de intencións nin simplemente un ben público.

85 Vivimos nun contexto de crises climática e hídrica, problemas que debemos solucionar entre todas as administracións implicadas para dar resposta ás diversas -e dispersas- situacións da nosa Comunidade. Xa que logo, o recorrido natural debería ser a recuperación das conversas entre Xunta de Galicia e FEGAMP, considerando tamén o incremento das tarifas a veciñas e veciños que se

90 desprende da propia memoria económica da lei.

En materia de igualdade, o papel dos concellos é primordial. Na FEGAMP somos conscientes do carácter transversal da Igualdade. Por tal motivo, xa en 2020 fixemos o primeiro estudo sobre a situación dos Centros de Información á Muller municipais, radiografía que amosou que a nosa rede de atención está infradotada.

- 95 Nesa senda da transversalidade e co obxectivo de dar un chanzo máis a esas
declaracións institucionais tradicionais con motivo do 8M, para 2023 elaboramos,
coa axuda de “Red Talento Consultoras”, unha completa Guía de Dereitos,
Recursos e Servizos para as Mulleres Galegas, como unha ferramenta útil para as
mulleres, pero tamén aberta ao conxunto da cidadanía e para os 365 días do ano.
100 Por todo elo, é necesario que a través deste relatorio reforcemos o compromiso
que as entidades locais temos coa igualdade.

- Noutras materias, tamén é necesario manter e reforzar o compromiso co Fondo
Galego de Cooperación e Solidariedade, máis nun mandato caracterizado por
diversas circunstancias coñecidas que unha vez máis tiveron aos concellos galegos
105 na primeira liña de apoio

E por último, a través da Axenda Única asinada coa Xunta de Galicia e o Terceiro
Sector, a Fegamp mantén o seu compromiso con aqueles sectores que teñen un
maior risco de pobreza e exclusión social, as nosas veciñas e veciños que máis nos
precisan.

- 110 Polo exposto, proponse á Asemblea Xeral a aprobación das seguintes
Resolucións:

- Primeira.-** Fortalecer o Foro Galego Local de Economía Circular como espazo de
intercambio de experiencias, boas prácticas e coñecemento entre as entidades
locais galegas, a fin de dar resposta a problemas comúns e identificar as
115 necesidades e boas prácticas das entidades locais no marco de aplicación dos
obxectivos de economía circular.

Segunda.- Promover o debate e revisión do modelo de xestión da fracción orgánica e poñer en valor o potencial socioeconómico e medioambiental da compostaxe doméstica e comunitaria.

120 **Terceira.-** Instar ás entidades implicadas a adoptar medidas que propicien solucións a longo prazo en relación ás condicións laborais e de contratación de socorristas. Especificamente, impulsarase a harmonización das distintas normas autonómicas para que se propicie a mobilidade dos traballadores neste sector.

125 **Cuarta.-** Potenciar a proxección local, autonómica, estatal e europea da Fegamp como entidade dinamizadora e transformadora do territorio galego no marco do Pacto Rural Europeo e do Pacto Verde.

130 **Quinta.-** Reforzar as relacións institucionais da Fegamp cos axentes do territorio, como os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR), a fin de forxar alianzas e colaboracións que permitan a definición de proxectos útiles enfocados á dinamización socioeconómica e demográfica do territorio galego e á súa cohesión.

Sexta.- Potenciar a estratexia de captación de fondos estatais e europeos a través de proxectos para dar resposta a necesidades socioeconómicas identificadas nas entidades locais e contribuír á abordaxe do reto demográfico e á transición enerxética.

135 **Sétima.-** Solicitar a creación dun grupo de traballo permanente entre Xunta de Galicia e FEGAMP para valorar todas as problemáticas derivadas do Plan de Transporte Público de Galicia.

Oitava.- Estudar, conxuntamente coa Xunta de Galicia, a posibilidade de incrementar os prazos para a realización de auditorías e plans de actuacións sobre

140 as perdas de auga nas redes de abastecemento locais aos que se refire a lei
9/2019, de 11 de decembro, dado o contexto social actual.

Novena.- Establecer unhas pautas entre os concellos e Augas de Galicia para
abordar a problemática derivada das limpezas fluviais.

Décima.- Retomar as conversas sobre o ciclo da auga, cara a elaboración do
145 futuro Regulamento da lei de Mellora do Ciclo Integral da Auga, co obxectivo de
acadar unha solución consensuada e efectiva e con escrupuloso respecto á
autonomía local.

Décimo primeira.- Demandar da Xunta de Galicia o impulso ás políticas de
igualdade e o incremento da rede de atención para dar unha resposta ás
150 necesidades das mulleres, dotándoa de medios humanos e económicos
garantidos por lei.

Décimo segunda.- Instar á Xunta de Galicia á modificación do Decreto 130/2016,
do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o
recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade
155 das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu
recoñecemento.

Décimo terceira.- Manter o compromiso dende as Entidades Locais para
continuar coa campaña “Polo Bo Trato” para integrar a perspectiva de xénero nas
decisións, traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores
160 de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova,
identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na
loita contra a violencia cara ás mulleres, respectar a conciliación da vida laboral,
familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal, promover

165 unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal e rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.

Décimo cuarta.- Reforzar o apoio institucional, material e técnico da FEGAMP ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, canalizando de xeito coordinado as axudas de máis de 100 entidades locais.

170 **Décimo quinta.-** Recomendar ás entidades locais achegar as responsabilidades económicas das entidades locais de Galicia ao 0,7% do seu orzamento ordinario, tal e como recomenda Nacións Unidas.

175 **Décimo sexta.-** Reforzar as cabeceiras comarcais como polos de actividades económicas, de servizos e de equipamentos, fortalecendo os servizos públicos que se prestan nelas e desenvolvendo sistemas de transporte que faciliten a mobilidade.

Décimo sétima.- Potenciar a creación de grupos sectoriais de entidades locais similares ao existente no seo da FEGAMP de concellos de 20.000 a 50.000 habitantes para a análise das súas problemáticas específicas.

180 **Décimo oitava.-** Instar á Xunta de Galicia á creación do grupo de traballo específico para estudar a situación dos servizos sociais en Galicia, co obxecto de coñecer as súas necesidades e mellorar a calidade de atención ás persoas usuarias conforme ao disposto na Axenda Social Única.

185 **Décimo novena.-** Recomendar a creación de Consellos locais de participación infantil e adolescente promovidos polos concellos de Galicia.

Vixésima.- Recomendar que as entidades locais adopten as medidas necesarias para aplicar o tratamento máis favorable posible ás persoas con discapacidade e ás súas familias e ás organizacións nas que se agrupan, aplicándolles as exencións, reducións e bonificacións máximas que permita a lei nos tributos públicos locais no marco da normativa vixente en materia fiscal.

Vixésimo primeira.- Impulsar a aprobación dun Plan Local de Promoción da Accesibilidade das Persoas con Discapacidade, debatido e negociado coas organizacións e as súas familias.

Vixésimo segunda.- Instar ao Goberno do Estado a impulsar a reforma do IBI, aos efectos de incluír unha bonificación potestativa da vivenda habitual de ata o 90% da cota íntegra do imposto a favor dos suxeitos pasivos que acrediten unha situación económica de insuficiencia de rendas familiares.

Vixésimo terceira.- Recomendar a adopción de medidas que permitan a axilización do empadramento de persoas sen domicilio

Vixésimo cuarta.- Recomendar ás entidades locais que se potencien as políticas públicas que alenten a adopción de formas de vida saudables, e en particular promovendo estratexias de envellecemento activo e saudable.

Vixésimo quinta.- Impulsar a creación de oficinas de atención dixital onde se asesore e guíe á veciñanza nos trámites dixitais en xeral, nomeadamente coa administración e as entidades bancarias.

Vixésimo sexta.- Recomendar as políticas proactivas de ciberseguridade, implementando todas aquelas medidas que se faciliten e/ou recomenden dende o nodo CIBER.gal do que a Fegamp forma parte.

Vixésimo sétima.- Reclamar da Xunta de Galicia a extensión da Rede CeMIT a
210 todos os concellos có aporte orzamentario preciso para o seu desenvolvemento,
así como para o seu máximo aproveitamento, tendo en conta as grandes
posibilidades que a súa capilaridade ten.

Vixésimo oitava.- Reclamar do goberno do Estado, que dispón da competencia, a
completa cobertura en banda larga a todo o territorio de Galicia. Débese
215 prescindir dos criterios de porcentaxes de poboación fixada nos seus domicilios
para falar da cobertura do 100% do territorio, pois a mobilidade caracteriza o
mundo de hoxe e o rural, se queremos poñelo en valor, debe dispor de cobertura
total.

Vixésimo novena.- Impulsar a instalación de tecnoloxías de rural intelixente,
220 dotando o territorio de sensores que recollan todo tipo de información en tempo
real para o acaído desenvolvemento e explotación de todo o noso rural.

Trixésima.- Desenvolver políticas de formación continuada que adapten á
poboación ao mundo cambiante no laboral nesta época de transformación dixital.

Trixésimo primeira.- Establecer medidas que atallen a exclusión financeira
225 evitando a incapacidade de certa poboación para acceder aos servizos financeiros
básicos.